

6.10. PRESTACIÓNS SANITARIAS

Considéranse prestacións de atención sanitaria aos servizos ou conxuntos de servizos preventivos, diagnósticos, terapéuticos, rehabilitadores e de promoción e mantemento da saúde dirixidos aos cidadáns. Estas prestacións levan a cabo grazas a un conxunto de técnicas e procedementos que se recollen nun “catálogo” que se coñece como **carteira de servizos**.

Existen dous tipos de carteiras de servizos: A carteira común de servizos do SNS a nivel estatal, e a carteira de servizos complementarios das CCAA (que son servizos adicionais que inclúe cada CCAA).

Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde

Recolle todas aquelas prestacións que se deben ofertar de forma obrigatoria por todos os servizos de saúde da CCAA nas súas respectivas carteiras de servizos. Son prestacións cuxo financiamento se asume por parte do Estado. A carteira común de servizos divídese nas seguintes modalidades: Carteira común básica de servizos asistenciais do SNS; carteira común suplementaria do SNS e carteira común de servizos accesorios do SNS.

Na seguinte ligazón podedes consultar o contido da carteira común de servizos do SNS:

<https://www.sanidad.gob.es/profesionales/prestacionesSanitarias/CarteraDeServicios/docs/BOE-A-1030-2006-consolidado.pdf>

a) Carteira común básica de servizos asistenciais do SNS

Comprende todas as actividades asistenciais de prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación que se realicen en centros sanitarios ou sociosanitarios, así como o transporte sanitario urxente, cubertos de forma completa por financiamento público.

b) Carteira común suplementaria do SNS

Inclúe todas as prestacións cuxa provisión se realiza mediante dispensación ambulatoria e están suxeitas a achega do usuario. Inclúe polo tanto as prestacións:

- Farmacéuticas
- Ortoprotésica
- Produtos dietéticos.

Tamén gozará desta consideración o transporte sanitario non urxente, suxeito a prescrición facultativa, por razóns clínicas e cun nivel de achega do usuario acorde ao determinado pola prestación farmacéutica

c) Carteira común de servizos accesorios do SNS

Inclúe todas aquelas actividades, servizos ou técnicas, sen carácter de prestación, que non se consideran esenciais e/o que son coadjuvantes ou de apoio para a mellora dunha patoloxía de carácter crónico, estando suxeitas a achega e/o reembolso por parte do usuario.

Carteira de servizos complementaria das comunidades autónomas

As CCAA no ámbito das súas competencias, poderán aprobar as súas respectivas carteiras de servizos, que incluírán, cando menos, a carteira común de servizos do SNS. Ademais, as CCAA poderán incorporar ás súas carteiras de servizos unha técnica, tecnoloxía ou procedemento non contemplado na carteira común de servizos do SNS. Estas prestacións non incluídas na carteira común de servizos serán financiadas pola comunidade autónoma.

A modo de resumo, inclúo a seguinte táboa:

Tipo de carteira	Financiación	Exemplos
Básica	100% pública	Consultas, urxencias, hospitalización
Suplementaria	Copagamento	Asociado a tratamento, pero non asistencia directa: Medicamentos, transporte non urxente, orteses e próteses
Accesoria	Parcial / copagamento	Dietas especiais, produtos sanitarios complexos, terapias domiciliarias (osixenoterapia, bombas insulina...)
Complementaria (SERGAS)	100% fondos da CCAA	Programas preventivos e vacinacións adicionais. Programas de saúde bucodental infantil ampliados; Vacinas non obrigatorias pero recomendadas